

Corrección de erros.-Orde do 11 de marzo de 2008 pola que se convocan licenzas por estudos para o curso 2008-2009 destinadas a funcionarios docentes non-universitarios e se aproban as súas bases de concesión.

Corrección de erros.-Orde do 11 de marzo de 2008 pola que se convocan licenzas por estudos para o curso 2008-2009 destinadas a funcionarios docentes non universitarios e se aproban as súas bases de concesión.

Advertido erro na devandita orde, publicada no DOG nº 57, do 25 de marzo de 2008, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 4.946, artigo 3º, punto 3, onde di: «Acreditar a posesión, como mínimo, do Celga 4 ou certificación equivalente, de acordo co disposto na Orde do 16 de xullo de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* do 30 de xullo), pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).»; debe dicir: «Acreditar a posesión, como mínimo, do Celga 4 ou certificación equivalente, de acordo co disposto na orde do 16 de xullo de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* do 30 de xullo), pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), agás para os docentes que imparten lingua galega».

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Corrección de erros.-Orde do 6 de marzo de 2008 pola que se determina o obxectivo de potencia máxima en megawatts para tramitar no período 2008-2012 e se abre o prazo para a presentación de solicitudes de autorización de parques eólicos.

Advertido erro na Orde do 6 de marzo de 2008 pola que se determina o obxectivo de potencia máxima en megawatts para tramitar no período 2008-2012 e se abre o prazo para a presentación de solicitudes de autorización de parques eólicos, publicada no DOG nº 54, do 17 de marzo de 2008, cómpre realizar a seguinte corrección:

Na páxina 4.594, no artigo 3º, punto 1, onde di: «... e irán acompañadas da documentación indicada nos subnúmeros 2 e 3 do devandito artigo 9 ...», deberá dicir: «... e irán acompañadas da documentación indicada nos subnúmeros 1 e 2 do devandito artigo 9 ...».

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Orde do 27 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación por conta allea de persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través dos decretos 211/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e mais o Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, modificado polo Decreto 20/2007, do 22 de febreiro, e polo Decreto 14/2008, do 7 de febreiro, a Consellería de Traballo asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Impulsado polo novo Goberno o proceso de Diálogo Social de Galicia, e como resultado deste, a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia conveñen en subscribir o 5 de febreiro de 2007 o acordo sobre obxectivos e medidas de emprego de Galicia, que establece os obxectivos que cómpre acadar en materia de emprego neste período na liña de converxencia coa media do Estado e coa de Europa, e as medidas e recursos que se implementarán cara á consecución destes obxectivos, iniciándose unha nova etapa no marco das relacións laborais. En concreto, no «acordo sobre obxectivos e medidas para o emprego en Galicia», dedícase o capítulo 8 aos obxectivos e medidas en materia de políticas en favor da poboación en exclusión social, establecéndose medidas concretas en apoio a este colectivo, ás que responde esta orde. En desenvolvemento deste acordo e cara á consecución do obxectivo de incrementar a estabilidade no emprego asalariado, exíxese para o ano 2008 e para poder acceder aos beneficios desta orde, acadar unha taxa de estabilidade do 75%, que é superior en 2,5 puntos á exixida no ano anterior.

No acordo sobre obxectivos e medidas de emprego en Galicia, no seu número 8, «Demandantes en Risco de Exclusión Social», establécense Medidas de fomento do emprego e do emprego indefinido para este colectivo. Así mesmo, considérase que este é o único colectivo no que se pode considerar a incentiación á súa contratación temporal, segundo o recolle o acordo sobre o novo modelo de servizo público de emprego.

Así, no marco establecido no artigo 40 da Constitución española, na Lei 56/2003, do 16 de decem-